

Autenticidade e calidade da lingua: purismo e planificación lingüística no galego actual¹

Xosé Luís Regueira
Instituto da Lingua Galega

Recibido o 16 /04 /2012 Aceptado o 22 / 05 / 2012

Authenticity and language quality: purism and language planning in current Galician

Resumo

As actitudes puristas están presentes en moitos dos estudos sobre lingua galega, por estaren moitos deles relacionados coa planificación do corpus. En traballos recentes foron utilizados conceptos como “autenticidade” e “calidade da lingua”, pero estas nocións non foron definidas nin xustificadas. Neste traballo defenderei que “autenticidade” e “calidade da lingua” non son conceptos lingüísticos, senón que se basean en actitudes sociolóxicas e ideolóxicas.

Non obstante, pode defenderse que as actitudes puristas son lexítimas na elaboración da lingua estándar e na construción de novas variedades funcionais, aínda que se fai necesario definir e discutir as súas fontes de lexitimidade. Neste traballo propono que o purismo no galego actual debe basearse en actitudes e ideas amplamente compartidas na comunidade de falantes, tales como a necesidade de manter o galego estándar claramente diferenciado do español, así como a conveniencia de achegalo ao portugués sempre que non vaia en detrimento das características propias do galego. Con eses criterios, a actuación dos lingüistas terá incidencia nos usos lingüísticos públicos se se orienta á elaboración de modelos e recursos lingüísticos para diferentes ámbitos de comunicación pública, mentres que os seus efectos serán limitados, e mesmo negativos, se se limitan a criticar certos usos lingüísticos.

Palabras chave

Purismo, autenticidade, calidade da lingua, actitudes lingüísticas, ideoloxía lingüística, planificación lingüística

Abstract

Purist attitudes pervade a great number of studies in Galician linguistics, given that most of them are aimed to standardization and corpus planning. Concepts such as “authenticity” and “language quality” have been employed in recent papers, but these concepts were neither defined nor justified in these studies. In this paper I will argue that “authenticity” and “language quality” are not linguistic concepts; they are based instead on sociological and ideological attitudes.

Nevertheless I will argue that puristic attitudes in Standard Galician may be legitimate in the process of codification of the standard language, and in the elaboration of new functional varieties, but the sources of legitimacy should be clearly defined and discussed. I will propose that purism in current Galician shall be based on widely shared attitudes and beliefs concerning language, such as the need to maintain a Galician standard language clearly distinguishable from Spanish and the convenience of bringing it closer to Portuguese, unless this does not cohere with the linguistic characteristics of Galician. With these criteria, linguists’ actions could have some impact on public linguistic usages if they aim the elaboration of linguistic models and resources for some spheres of public communication; its effects will be scarce, or even negative, instead, if linguists content themselves with criticizing some linguistic usages.

Keywords

Purism, authenticity, language quality, languages attitudes, language ideology, language planning

¹Agradézoles a Francisco Cidrás e a Noemi Basanta, así como a dous revisores anónimos, as observacións feitas a unha versión anterior deste traballo.

1. INTRODUCCIÓN

Moitos traballos sobre lingua galega, sobre todo os dirixidos a un público máis xeral, teñen un carácter prescritivo, e mesmo en moitos estudos que se presentan como descritivos é perceptible unha tensión entre descrición e prescrición. Ese feito débese a que a maioría dos estudos sobre galego son concibidos como instrumentos para a normalización lingüística, na súa vertente da planificación do corpus. A pesar disto, a reflexión sobre o prescritivismo e o purismo apenas se abordou de maneira directa, agás nuns poucos traballos, coma o texto de Fernández Salgado (2003) sobre a idea de pureza, os artigos de Álvarez Blanco (1994, 2005) sobre os límites e problemas da estandarización e da prescrición na gramática (especialmente na sintaxe), ou a reflexión de Cidrás (2005) sobre a prescrición gramatical e a realidade lingüística, a propósito da preposición *a* con OD.

Nalgúns estudos foi utilizado o concepto de “autenticidade” para xustificar unha serie de escollas (p.e. Regueira 1994), e recentemente varios estudos introduciron a noción de “calidade da lingua” (Sanmartín 2009, Freixeiro 2009). Mais ningún deses dous conceptos foi definido nin se elaborou unha xustificación razoada. Dado que as actitudes puristas son cuestionables en canto que levan a discriminar grupos de falantes e a establecer xerarquías, resulta necesario someter a escrutinio e a discusión as actitudes e as actuacións que se derivan delas.

Neste traballo tratarei de mostrar que a “calidade da lingua” ou a “autenticidade” non son conceptos lingüísticos, senón que responden a concepcións ideolóxicas sobre a lingua e a sociedade. A continuación defenderei que, nun proceso de *Ausbau* ou de elaboración de variedades como o que se está a producir na lingua galega, sometida a un intenso contacto cunha lingua social e politicamente dominante, o purismo é lexítimo e mesmo necesario para alcanzar os obxectivos establecidos no proceso de normalización lingüística. Mais, para evitar no posible a discriminación de grupos sociais, deberíanse determinar os límites e avaliar as súas consecuencias; así mesmo, resulta conveniente facer explícitas as bases (sociais e ideolóxicas) en que se fundamenta esa lexitimidade. Por outra parte, a actuación dos lingüistas só terá incidencia real e efectiva na lingua da comunicación pública se se orienta á elaboración de modelos e de recursos lingüísticos para aquelas ámbitos e funcións en que a lingua ten unha maior difusión e penetración na sociedade (p.e., medios de comunicación, linguaxe política), sempre en colaboración cos axentes implicados nesa tarefa. A simple crítica de determinados usos lingüísticos, sobre todo se non se fan explícitas as bases de lexitimidade en que se asenta, ten escasas posibilidades de conseguir efectos positivos.

2. PURISMO E PRESCRITIVISMO NA LINGUA GALEGA

A actuación purista, na definición de George Thomas (1991: 12), é “a desire on the part of the speech community [...] to preserve a language from, or rid it of, putative foreign elements or elements held to be undesirable elements (including those originating in dialects, sociolects and styles of the same language). [...] Above all, purism is an aspect of the codification, cultivation and planning of standard languages”.

Na planificación do corpus levada a cabo na lingua galega seguiuse unha serie de criterios que están expostos de maneira concisa na introdución das *Normas ortográficas e morfolóxicas do idioma galego* (RAG & ILG 2012: 9-10), e que poden esquematizarse do xeito seguinte:

- a) Continuidade coa lingua falada, depurada de castelanismos
- b) Supradialectalismo

- c) Continuidade coa tradición antiga e moderna
- d) Harmonía coas outras linguas, especialmente co portugués.

Establécense, pois, a “selección da variedade” e os criterios para a súa “codificación” (Haugen 1966: 18-22). En xeral, todas as accións codificadoras realizadas a partir de 1982 seguiron os criterios enunciados. Para a selección da variedade establécese a continuidade coa lingua falada (“A lingua normativa ten que estar ao servizo da cultura dun pobo real e concreto, e por tanto ha de ser necesariamente continuadora da lingua falada pola comunidade e ha de achegarse canto sexa posible a ela, a fin de enraizar en bases seguras e vivas”, p. 11) e coa tradición escrita, creando unha variedade estándar a partir de elementos procedentes de diferentes dialectos. Mais a carón deses criterios aparecen enunciados dous criterios de innovación: unha selección purista orientada especificamente a evitar as interferencias, os calcos e os préstamos innecesarios que resultan do contacto co español (“a norma debe acoller un galego fiel a si mesmo e limpo de canto de alleo innecesario hai incrustado na fala viva pola presión do castelán” p. 11), e outro de importación selectiva de materiais léxicos do portugués (“Para o arriquecemento do léxico culto, nomeadamente no referido aos ámbitos científico e técnico, o portugués será considerado recurso fundamental, sempre que esta adopción non for contraria ás características estruturais do galego” p. 12).

A aplicación deses criterios pode seguirse nas diferentes escollas realizadas nas propias *Normas* para a morfoloxía. Basicamente a orientación principal consistiu en seleccionar unha das formas galegas preferentemente entre as que son diferenciais co español, atribuíndo un peso importante ás que son comúns co portugués, e tomando tamén en consideración a tradición escrita. Iso é o que explica escollas coma *este*a (fronte a *esteña*, *estía*, *esté*), *sexa* (fronte a *seña*, *sea*, *sía*), *animais* (fronte a *animás*, *animales*), etc. (cfr. Regueira 2003). No marco do acordo que se materializou na reforma das *Normas* finalmente aprobada pola RAG no ano 2003, a converxencia co estándar portugués gañou importancia, para alén do léxico culto, como se manifesta no cambio de estatus das variantes *ao* fronte a *ó*, *-bel* e *-ble*, a non representación escrita do alomorfo *-lo(s)*, *-la(s)* do artigo, entre outras cuestións.

Analizando os discursos puristas, Joachim Scharloth (2005: 87) distingue un discurso que denomina “conservador” e outro que chama “revolucionario”: “While the conservative position believes that somewhere in the past or in a particular textual tradition there existed a state of ‘purity’ that the language can and should return to, the revolutionary position denies this possibility. This much more radical argumentative pattern in puristic discourse is often found among alternative social movements, which aim for a complete revision of culture, life and political order, such as the student movement of the 1960s”.

O purismo conservador encóntrase nas grandes linguas europeas, tales coma o inglés ou o español, nas que é corrente o lamento pola corrupción da lingua, asociado a miúdo á nostalgia dun pasado de pureza e de perfección lingüísticas. James e Lesley Milroy (1999: 24-46) mostran que esa “complaint tradition” xa se remonta ao século XVI e acentúase desde o século XVIII ata os nosos días. Esa situación pasada en que a lingua era mellor ou máis pura é, por tanto, un mito: “There was no Golden Age” (p. 40). En España a idea de que, non só a lingua, senón o estado mesmo está en continua decadencia desde o século XVI constitúe o que Henry Kamen (2006: 265-310) chama o “mito da decadencia perpetua”. A idea da corrupción do francés tamén é coñecida, e mesmo o latín clásico, exemplo eximio de perfección e pureza, era considerado polo mesmo Cicerón como unha lingua deturpada respecto do que se falaba un século antes (cfr. Deutscher 2006: 75-76). Nesas linguas o “purismo conservador” en realidade non trata de volver ao pasado, senón de preservar a superioridade dunha variedade estándar sobre as demais (e por tanto a superioridade duns grupos sociais sobre outros, como apunta Moreno Cabrera 2000: 55).

Mais na situación do galego, que podería estenderse ás linguas en situación de contacto que se encontran en proceso de estandarización, a posición “conservadora” non é aplicable, posto que non hai un estándar “puro” no pasado susceptible de ser conservado. A lingua popular e a tradición medieval poden servir como referentes ideolóxicos, mais non fai falta insistir na imposibilidade de conservar, ou de regresar a un estado de lingua pura e enxebre que só se pode imaxinar nalgún momento do pasado, nin se trata tampouco de retornar á lingua escrita medieval. Estamos a elaborar un estándar para as necesidades da comunicación no século XXI, e polo tanto situados no paradigma do discurso “revolucionario”. Neste discurso transformador estaría situado igualmente o prescritivismo referido a outros ámbitos da lingua con incidencia social e política, coma a linguaxe non sexista e as propostas que pretenden evitar a discriminación lingüística de minorías raciais ou doutro tipo.

Non obstante, o discurso purista referido ao galego segue utilizando argumentos máis propios do discurso “conservador”, como son as ideas de pureza, autenticidade, enxebreza, etc., das formas ou estruturas propostas, aínda cando nalgunhas ocasións entran en contradición coas propostas defendidas. Esta situación é unha consecuencia do paradoxo que se produce nos procesos de normalización das linguas minorizadas europeas, como sinalaba Henrique Monteagudo no seu discurso de ingreso na Real Academia Galegas (Monteagudo 2012: 69): “a súa promoción xustificouse en termos de recuperación do idioma auténtico e propio do pobo, ao tempo que abocou á súa modernización”.

3. MARCADORES E CRITERIOS DA “CALIDADE” DA LINGUA

Nos últimos anos introduciuse no galego a noción de “calidade da lingua” ou de “lingua de calidade”, nomeadamente a partir de Sanmartín (2009) e de Freixeiro (2009). Non obstante, en ningún dos traballos que mencionan esta cuestión se define o que se entende por “calidade”, e só se pode inferir polos trazos que se propoñen como diferenciadores ou característicos dunha lingua “de calidade”. Así, por exemplo, nunha pasaxe do libro *Ecolingüística*, Teresa Moure (2011: 108) afirma: “A calidade do galego recoñécese en trazos concretos: o uso do futuro de subxuntivo, do infinitivo flexionado, das interpolacións pronominais, entre outros aspectos que non detallarei agora, serven para recuperarmos un potencial idiosincrático do idioma hoxe esmorecente”.

A obra que trata máis polo miúdo estas cuestións é o libro titulado xustamente *Lingua de calidade*, de Xosé Ramón Freixeiro (2009). Nel descríbense con certo detalle unha serie de formas e de estruturas e vanse establecendo escollas e recomendacións dunhas sobre outras (prescrición). Os criterios explícitos son os de “afortalar as estruturas lingüísticas propias mediante o uso dos trazos diferenciais máis característicos” para “preservar e dignificar unha lingua extensa e útil na Galiza e no mundo” (p. 6), mais o criterio para determinar o que é “diferencial” e “característico” sitúase no portugués: “nesa reintegración do galego en si propio, acho que o portugués debe ser o modelo orientador ou, de o preferirmos, o espello que nos ha confirmar en moitos casos o que é ou non é galego” (p. 23).

Mais de feito, este último criterio (o portugués como modelo orientador) sitúase por riba do primeiro enunciado (os trazos diferenciais máis característicos), de maneira que algúns trazos indiscutiblemente diferenciadores e característicos do galego son desaconsellados no modelo de galego que se propón. Así ocorre coas partículas comparativas *coma* e *ca* diante de frase nominal (*O fillo é tan alto coma o pai*, *Lucía é máis alta ca a túa irmá*), que son desaconselladas en favor de *como* e de *que / do que*, porque “[d]ese modo evítanse complicacións na representación gráfica e presérvase o modelo de lingua escrita máis acaído” (p. 71), o mesmo que se argumenta contra o emprego das formas do posesivo distributivo *cadanseu*, *cadansúa*, e da mesma maneira consi-

dérase que o *lle* pleonástico (como en *Dille ao señor que veña*, desaconsellado en favor de *Di ao señor que veña*) “non é especialmente recomendábel na perspectiva da harmonización co sistema lingüístico galego-portugués” (p. 83). Desde esa posición, a gheada “non achega autoctonía ou autenticidade ao idioma: ben polo contrario, contribúe para o afastar do seu tronco común galego-portugués” (p. 30). Por contra, o relativo *cuxo*, que non é diferencial nin característico do galego, é recomendado para a lingua escrita formal (p. 78).

Encontramos aquí, por tanto, de maneira patente a contradición entre unha argumentación baseada na “autenticidade” (“un galego máis auténtico”, p. 23, 24, 25, 26, etc.) e no diferencialismo respecto do castelán e unha proposta en que prevalece a converxencia co portugués, por riba mesmo dos criterios anteriores. É dicir, baixo unha aparencia de discurso purista “conservador” (no sentido de “preservar” o galego máis “auténtico”), está a facerse unha proposta “revolucionaria”, no sentido de Scharloth (2005), baseada no portugués estándar europeo.

Por outra parte, todos os modelos de gramática existentes conteñen, cando menos, dous niveis nucleares: a fonoloxía e a sintaxe. Na interacción lingüística normal (cara a cara) os sons da lingua son os primeiros elementos cos que tomamos contacto, e normalmente os que nos permiten identificar que lingua está a falar o noso interlocutor (e non só: o dialecto, o sociolecto, o rexistro...). É unha experiencia común sermos capaces de identificar que un grupo de persoas está a falar francés, italiano, etc., só percibindo a entoación e algúns sons. Iso fai, por exemplo, que estudantes estranxeiros ao oír algunhas variedades de galego teñan a impresión de que están a oír español, aínda que as palabras e mesmo a sintaxe sexan galegas.

Desde este punto de vista, chama a atención que se lle conceda unha relevancia menor aos aspectos fónicos da lingua. Freixeiro (2009: 27-34) dedica un capítulo a falar dun modelo de fonética “común ou culto”, mais en boa parte está centrado en tratar cuestións relacionadas coa escrita (a pronuncia dos grupos cultos escritos, as palabras que conteñen o grafema <x>, a representación ou non do alomorfo *-lo(s)*, *la(s)* do artigo determinado). A pesar de que se considera que “o perigo de perda de autenticidade fonética do noso vocalismo é grande” pola perda da distinción (“nalgúns falantes, nomeadamente neofalantes”) de timbre das “vogais <e>, <o> abertas e fechadas”, a principal medida que se propón é “voltarmos a considerar a conveniencia dun sistema de acentuación que teña en conta a distinción entre vogais de grao medio” (p. 33); é dicir, unha solución para a lingua escrita.

Algúns traballos anteriores (Vidal 1997, Molinos 2002, Regueira 2008) teñen mostrado que as vogais átonas, especialmente as vogais finais de palabra, sofren un proceso de pechamento que as leva a ser realizadas normalmente como [u], [ø], [ɪ]. Este é un dos trazos máis doadamente perceptibles do “acento” galego, que distingue con claridade a fonética galega da do español e, por riba, achega a nosa lingua ao portugués de maneira notable. Dadas estas características (diferencial respecto do español e achegado ao portugués), chama a atención que este, e algúns outros fenómenos da pronuncia do galego popular, non sexan reivindicados nos discursos sobre a calidade da lingua, nin tampouco nos discursos reintegracionistas en xeral. De feito, non é infrecuente oír discursos de cariz reintegracionista, ou con abundantes lusismos léxicos e fraseolóxicos, pronunciados cun vocalismo fundamentalmente coincidente co do español estándar peninsular, e non co do galego nin co do portugués.

A desatención a estes aspectos fónicos, ao meu entender de primeira importancia para crear unha diferenciación clara entre galego e español, pode que estea relacionada con dous feitos: a) o modelo de lingua que se sitúa como obxectivo é fundamentalmente un modelo de lingua escrita; e b) o galego falado é desvalorizado (a insistencia na idea da “descomposición das estruturas internas do idioma”, “deturpación interna”, “desnaturalización da fala”, etc. leva mesmo a trasladar a imaxe xeral do galego como unha lingua deturpada). De feito, mesmo cando se quere enfatizar que “galego popular non debe ser tomado nunca como sinónimo de galego

chocalleiro e acastropado”, xa que “existe un galego coloquial, informal ou popular que posúe toda a calidade e a dignidade do galego culto” (Freixeiro 2009: 61), estase a pensar na lingua literaria (*n’Os vellos non deben de namorarse*, neste caso).

Esa concepción está presente tamén en numerosas afirmacións, como cando se atribúen algúns procesos fonolóxicos que afectan ás vogais átonas (“vacilación do timbre”) á carencia dun “modelo común unificado e transmitido a través do ensino”, por estar a lingua galega “lonxe dos usos escritos formalizados, sen un modelo fonético exemplarizante e fóra do ámbito do ensino” (Freixeiro 2009: 27). Xa Dubert (2004) demostrou a inconsistencia desta idea, así que non vou insistir nese feito. O que interesa destacar aquí é que a *lingua* segue a ser vista fundamentalmente como lingua escrita.

4. A CALIDADE DA LINGUA

As nocións de “calidade da lingua” e de “lingua de calidade” están calcadas, probablemente, das de “qualité de la langue” ou da “langue de qualité”, que foron e son moi utilizadas no ámbito do francés, e de maneira especial no Quebec. Mais no ámbito francófono si que se produciron longas discusións e se realizaron esforzos por definir e clarificar eses conceptos (v. Eloy 1995, Maurais 1999). Jacques Maurais, nun extenso informe titulado *Qualité de la langue: un projet de société*, dedica máis de 30 páxinas a revisar a noción de “calidade da lingua”. Despois de repasar e discutir os diferentes criterios lingüísticos utilizados en traballos previos, afirma: “De la discussion qui précède se dégage une première conclusion : la notion de qualité de la langue n’est pas vraiment une notion linguistique, mais plutôt sociologique ou sociolinguistique. On pourrait même aller jusqu’à soutenir que la qualité de la langue n’est carrément pas une notion linguistique, mais d’abord et avant tout une notion sociologique” (p. 61). Sobre a mesma cuestión dicía Pierre Encrevé (1995: 368): “Je considère que de façon très générale il y a un consensus des linguistes pour dire qu’il n’y a aucun critère linguistique permettant d’évaluer la qualité d’une langue ou d’un état de langue ou d’un usage par rapport à une autre langue, un autre état de la langue, un autre usage de la langue”. Se non hai criterios lingüísticos, estamos, pois, ante xuízos de valor, e sobre todo ante xuízos sociais.

A lingua “de calidade” é, por tanto, a que fala a “xente de calidade”. Como subliñou Pierre Bourdieu (1982), a competencia lexitima no mercado dos valores é exercida polos que dominan a escala social: “La compétence linguistique n’est pas une simple capacité technique mais une capacité statutaire que s’accompagne le plus souvent de la capacité technique, ne serait-ce que parce qu’elle commande l’acquisition par l’effet de l’assignation statutaire (“noblesse oblige”), à l’inverse de ce que croit la conscience commune, qui voit dans la capacité technique le fondement de la capacité statutaire” (p. 64). E aínda: “L’évaluation pratique du rapport de forces symbolique qui détermine les critères d’évaluation en vigueur sur le marché considéré ne prend pas en compte les propriétés proprement linguistiques du discours dans la mesure où elles annoncent l’autorité et la compétence sociales de ceux qui les prononcent” (p. 65). Como escribiu Lewis Carroll en *Do outro lado do espello*: “A cuestión é –dixo Humpty Dumpty— quen vai ser o amo... iso é todo”.

5. ESTANDARIZACIÓN, PURISMO E DISCRIMINACIÓN

Nas “grandes linguas” europeas, a lingua estándar estableceuse e elaborouse durante a Idade Moderna nos círculos superiores da sociedade e nas cortes reais. Nese círculos, filósofos e intelectuais, como John Locke en Inglaterra, preocupáronse por modernizar a lingua, purificándoa e liberándoa das imperfeccións, de maneira que puidese encarnar de maneira perfecta a lóxica

e a razón. Mais, como demostran Richard Bauman e Charles L. Briggs (2003: 59), esa purificación “rendered language a perfect vehicle for constructing and naturalizing social inequality”. Os círculos das elites sociais desa época en Inglaterra son, segundo Habermas (1962), o exemplo máis puro da “esfera pública” (“Öffentlichkeit” ou “öffentliche Sphäre”). Da esfera pública quedaron excluídas as clases baixas e as mulleres. Desa maneira a estandarización reforzou e lexitimou a xerarquía de clases, e formou parte do proceso de dominación das clases capitalistas sobre as clases traballadoras desde o triunfo e a extensión do sistema capitalista por Europa (Fairclough 2001: 48). Observacións semellantes poderían ser feitas sobre o papel que a lingua estándar xogou na exclusión das mulleres da esfera pública e na “naturalización” da súa inferioridade.

Esas ideas de “pureza” e “purificación” aínda seguen tendo presenza, nalgunha das súas formulacións, nas sociedades europeas, como mostran as palabras de George Orwell citadas por Goretti Sanmartín (2009: 32): “If one gets rid of these [bad] habits one can think more clearly, and to think clearly is a necessary first step towards political regeneration”. Desde este punto de vista, chega mesmo a establecerse unha relación entre as variedades lingüísticas e as calidades morais e a capacidade intelectual das persoas que as falan, as que Mugglestone (2003) chama “equations of accent and intelligence”, tan frecuentes en épocas pasadas (lémbrese entre nós a definición de Manuel Valladares [1884: VI] da gheada como “un defecto de la gente idiota”). En realidade non creo que ninguén pretenda defender ideas semellantes actualmente, aínda que algúns ecos destas ideoloxías poden encontrarse nalgúns escritos recentes.

No galego a historia foi diferente, como é coñecido. Unha esfera pública en galego non se constituíu ata o século XX, de maneira incompleta e interferida, con dous momentos, no primeiro e no último terzo do século, separados pola ditadura de Franco e as súas fondas consecuencias. A pesar de todo, hoxe en día o galego ten unha lingua estándar bastante establecida, unha “lingua lexitima”, e consecuentemente, como di Domínguez-Seco (2003: 209), “this own language now has some ‘incorrect’ (vulgar or impure) and some ‘non-shared’ varieties (dialects)”. E na medida en que esa “lingua lexitima” se separa da lingua das clases populares (da fala popular que está na base da lingua estándar), por medio de trazos tomados da lingua das clases privilexiadas das linguas veciñas (cultismos léxicos, fonolóxicos e sintácticos), aprendidos a través da educación regulada, os falantes das variedades populares (“non compartidas”) resultan estigmatizados. E pola súa banda, como documentan Kabatek (2000: 231) e Iglesias Álvarez (2002: 197-228), estes falantes rexeitan aquelas formas que senten alleas ás variedades populares (cfr. tamén Fairclough 2001: 48).

Se a estigmatización que leva de seu a imposición dunha variedade estándar se acentuar con mensaxes de que a súa lingua, a lingua que fala e na que foi inculturada, é unha lingua corrompida, estragada, deturpada, inválida, e que debe aprender un novo código lingüístico con estruturas que lles son alleas, a falta de identificación da poboación galegofalante con ese estándar será tan importante que dificilmente se sentirá motivada a aprendelo e usalo. Os argumentos baseados en construtos ideolóxicos, como a identidade dun “sistema galego-portugués común”, só serán efectivos para unha pequena minoría da cidadanía que previamente participa deles. Ese tipo de discurso só remarcaría e incrementaría a separación entre unha elite “cultura” (i.e., con formación universitaria) e os demais falantes, “incultos”, non posuidores dos códigos lingüísticos que se lles queren impoñer desde arriba, cargados de *shibboleths* que marcan a súa inferioridade social.

Outra vía de estigmatización diferente é a que senten os “neofalantes”, que son acusados por veces de falta de autenticidade². Non obstante, tamén o concepto de “falante auténtico” foi sometido a revisión crítica en tempos recentes (Eckert 2003, Coupland 2003, 2010). Deixando á parte os problemas de discriminación que se derivan da separación entre “falantes auténticos” e “falantes inauténticos”, a visión de que hai uns falantes “puros” ou que son xenuíños represen-

² V. as observacións que fai ao respecto Belén Regueira en <http://vimeo.com/17854182> (marzo 2012).

tantes dunha fala (noción en que se basean a dialectoloxía e a sociolingüística) supón unha concepción esencialista dos falantes como entidades estáticas que manteñen fundamentalmente unha variedade de lingua que non cambia co tempo nin coas circunstancias do acto de fala. Definir o “falante auténtico” pode converterse nunha tarefa complexa, e a definición doadadamente estará determinada por premisas ideolóxicas do lingüista.

Por outra parte, unha forte insistencia nos aspectos fónicos podería ter tamén efectos negativos para o achegamento de novos falantes urbanos, que teñen escasa motivación para empregar unha variedade que eles senten como “rural” e “paleta”, particularmente por causa do “acento patrimonial ou tradicional” (González 2003: 186). Neste sentido, é importante remarcar que se encontran nesta situación non só “neofalantes”, ou falantes educados en castelán e incorporados máis ou menos tardiamente ao galego, senón tamén un número xa importante de falantes que teñen o galego como lingua inicial e habitual en ambientes urbanos (e non só fillos de “neofalantes”). É dicir, que hoxe hai xa un certo número de “falantes nativos” que teñen un galego con cinco vogais e fonética con base no español.

6. LEXITIMIDADE E CRITERIOS

Tendo estas consideracións en mente, as accións de planificación do corpus deben clarificar os presupostos en que se asentan, os conceptos que manexan, definir os obxectivos das accións que se propoñen e medir as posibles consecuencias, partindo sempre do coñecemento da realidade sociolingüística das comunidades de fala que utilizan, total ou parcialmente, a lingua galega en calquera aspecto da súa vida.

En primeiro lugar, pódese afirmar a lexitimidade de contribuír ao desenvolvemento da propia lingua, tanto como falante coma en tanto que especialista. Máis aínda, nunha situación coma a da lingua galega, en que a elaboración do estándar se está a realizar en situación de contacto con outra lingua dominante, é amplamente compartida a idea de que resulta necesario emprender accións planificadas para conseguir mellorar a funcionalidade e o prestixio da lingua. E aquí os lingüistas temos unha especial responsabilidade, pero sempre sen esquecermos, como advirte Klaus Zimmermann (2003: 323) que:

Wen gleich es in der Vergangenheit oftmals so schien, als ob es die Sprachspezialisten waren, die dem Purismus das Wort geredet haben, darf man doch nicht die Augen davor verschließen, daß es sich bei der dem Purismus zugrundeliegenden Attitüde um etwas handelt, das aus der Sprechergemeinschaft selbst hervorgeht. Man wird sogar sagen können, daß Sprachspezialisten, die sich dem Purismusgedanken verschreiben, dies nicht als Linguisten so tun, sondern als Mitglieder einer Sprachgemeinschaft, obschon sie manchmal so tun, als ob es sprachimmanente Gründe für den Purismus gäbe, die sie als Spezialisten herausfunden hätten³.

Os lingüistas, daquela, temos que ser conscientes da natureza social, e política, das actuacións que estamos a realizar sobre a lingua. Debemos facer explícito que non estamos a “preservar” variedades lingüísticas máis ou menos puras, senón que, a partir dos materiais lingüísticos da lingua histórica, estamos a elaborar variedades fundamentalmente novas para usos e tipos textuais aos que o galego chegou hai moi pouco tempo ou está a chegar agora (a “elaboración

³ Aínda que adoita parecer que no pasado foron os especialistas en lingua os que avogaron polo purismo, non se pode ignorar que as actitudes que subxacen no purismo proceden da propia comunidade lingüística. Mesmo se pode dicir que os especialistas en lingua que se entregan ao pensamento purista non o fan en tanto que lingüistas, senón como membros dunha comunidade lingüística, aínda que algunhas veces fan coma se existisen razóns para o purismo inmanentes á lingua, que eles, como especialistas, descubriron [tradución miña].

da función" de Haugen 1966: 22-24). No seu traballo sobre o purismo en linguas minorizadas, Zimmermann (2003: 324) distingue un "purismo proactivo", relacionado coa *Sprachausbau* ("elaboración da lingua") e un "purismo retroactivo", orientado a eliminar os préstamos integrados. Neste sentido, o purismo que estamos exercendo é fundamentalmente *proactivo*, aínda que tamén se levou e se está a levar a cabo un purismo *retroactivo*, coa eliminación da lingua estándar e das variedades escritas e orais formais de castelanismos históricos plenamente integrados na lingua (incluídos algúns que fixeran desaparecer as correspondentes formas galegas, como *dios* ou *iglesia*).

Non hai dúbida de que na nosa sociedade está moi estendida a "ideoloxía do estándar", no sentido que lle dá Tore Kristiansen (1998: 127): "the idea that there is one best, correct way of speaking the national language, and also the idea that it is necessary for a modern society to develop a standard language and enforce its use in public, in school, in business, etc". Esta ideoloxía na nosa sociedade foi inculcada pola escola, en castelán: a lingua correcta era o español, e o galego supoñía "falar mal". É dicir, transmitiu a idea de que existe unha forma "correcta" de falar, e sobre todo a desvalorización da lingua galega. Por outro lado, a ideoloxía do estándar está ben asentada na sociedade castelanfalante, e é promovida de maneira moi activa pola RAE e por medios de comunicación españois. Desde a entrada do galego no sistema escolar e o arranque do proceso de normalización lingüística un dos obxectivos foi a promoción de ideas de non discriminación e de dignificación da lingua galega, mais en boa parte mantense a base ideolóxica de que existe unha (e só unha) forma correcta de escribir e mesmo de falar a lingua.

Tendo en conta esta realidade, así como a existencia dun consenso bastante amplo no relativo aos criterios con que se levou a cabo a estandarización da lingua escrita (v. sección 2), e que foron tamén tomados como base para a proposta de modelos para a lingua falada (Regueira 2010), unha serie de criterios poden ser discutidos, e a partir deles poden deseñarse algunhas accións.

Un elemento determinante é a presenza masiva do castelán na nosa sociedade, que crea unha situación de interferencias e de converxencia que é vista de maneira xeral como unha ameaza para a integridade e a identidade da lingua. Ademais, os usuarios do galego escrito e falado formal demandan modelos claros para os usos públicos, debido á inseguridade lingüística causada polo contacto e pola interferencia do español. Desta maneira, o purismo orientado a evitar ou substituír os elementos "espurios" (i.e. castelanismos) goza dunha ampla aceptación entre estes grupos de falantes. Por tanto, as actitudes e as preocupacións mostradas neste sentido por Freixeiro (2009) e por Sanmartín (2009), especialmente neste caso as referidas ao galego utilizado por membros activos e comprometidos coa normalización da lingua, son susceptibles de ser amplamente compartidas. Esta pode ser unha base sólida de lexitimidade para unha actuación purista neste sentido.

En segundo lugar, e de maneira complementaria co anterior, seguindo a Eira e Stebbins (2008), pode ser invocado o criterio de "autenticidade lingüística", se o entendemos como continuidade coa lingua histórica galega, é dicir, coa que foi herdada a través das xeracións de falantes de galego, que chegou ata nós a través da tradición oral e escrita. Este criterio xustifícase pola conveniencia, ou pola necesidade, de preservar da identidade do galego, mantelo achegado ao seu pasado histórico (expresado nas *Normas*: "un galego fiel a si mesmo", "as formas tradicionais [serán] preferidas ás máis innovadoras", p. 9), e diferenciado respecto doutras linguas, especialmente do español. Desta idea de "autenticidade" derivaríase a potenciación dos elementos propios e diferenciais do galego respecto do castelán, nomeadamente aqueles que están presentes na lingua popular e cos que a gran maioría dos falantes nos sentimos identificados. Aquí estarían incluídos trazos coma a pronuncia das vogais tónicas e átonas de maneira semellante ao galego popular, a entoación, o infinitivo conxugado, a colocación dos clíticos

persoais, as perfrases, locucións, así como a potenciación do uso do léxico máis tradicional e diferencial na medida en que sexa utilizable para as novas realidades culturais.

E como terceiro criterio, o recurso ao portugués como fonte preferente de materiais lingüísticos (non exclusivamente léxicos) goza tamén dunha aceptación bastante ampla, como se deixa ver na circulación de variantes e formas tomadas desa lingua (*-bel, até, orzamento...*). A tendencia á converxencia co portugués, en maior ou menor grao, vén xa de vello, está detrás dun certo número de escollas normativas referidas á morfoloxía (cfr. Regueira 2003), e hoxe está difundida mesmo entre moitos usuarios que non participan da ideoloxía da unidade do galego-portugués nin dos seus obxectivos lingüísticos.

A partir destes criterios e sobre a base de lexitimidade da aceptación xeral ou ampla da necesidade de establecer modelos que se adecúen á "ideoloxía do estándar" dominante na nosa sociedade, poden propoñerse obxectivos e deseñarse accións.

7. CRITERIOS EN ACCIÓN: DOUS EXEMPLOS DE POSIBLES ACTUACIÓNS PLANIFICADORAS

Se aceptamos que se poña o acento no que Zimmermann chama "purismo proactivo", a prioridade será atender sobre todo ás variedades novas, aquelas en que se está a producir a "elaboración da función", e que son as que teñen maior impacto na sociedade: a lingua dos medios de comunicación, sobre todo os audiovisuais, a lingua da actividade política e a utilizada na difusión pública en todas as súas formas: escritos administrativos e académicos, literatura, teatro, conferencias, recitais, clases...

Como lingüistas sabemos que estas variedades non son puras en ningunha lingua, senón híbridas no sentido "etimolóxico", xa que incorporan numerosas estruturas sintácticas, xiros e voces que non proveñen da lingua histórica, senón que foron tomadas doutras linguas de contacto (Kabatek 2011). Tamén as variedades que se están a constituír no galego están construídas sobre os modelos existentes nas linguas do noso ámbito cultural, sobre todo das linguas coas que o contacto é máis frecuente. Na sociedade galega actual iso quere dicir que se están a elaborar fundamentalmente sobre os modelos españois, ás veces con influencias secundarias doutras linguas (portugués, inglés...).

Seguindo os criterios mencionados antes, estas variedades en elaboración deben estar construídas sobre a armazón lingüística compartida por todas as variedades do galego e que o identifican como lingua diferente das demais, e particularmente do español. As pezas fundamentais desa armazón son os núcleos duros dos sistema lingüístico: a fonoloxía, a morfoloxía e a sintaxe. E tendo en conta que, aínda que os usos máis formais (se se quixer, "cultos") da lingua adoitan estar relacionados coa lingua escrita, na sociedade actual os textos orais (a "oralidade secundaria" de Ong 2002) teñen unha importancia non menor. Por tanto, os aspectos orais da lingua deben ser merecentes dunha atención tan intensa coma os propios do texto escrito, e neste sentido un galego con cinco vogais resulta tan "inauténtico" coma un galego con tempos compostos.

Comparto plenamente a afirmación de Sanmartín (2009: 36): "A calidade da lingua que empregamos é un sinal inequívoco, público, notorio, do noso compromiso lingüístico". Mais tamén estou convencido de que a consecución dese obxectivo non se pode conseguir soamente pola vía de censurar os "erros" e as "deturpacións", e moito menos menosprezando e desvalorizando o galego que falan as xeracións actuais. Por unha parte, se se busca a normalización do galego, parece un contrasentido convencer aos seus usuarios que o galego é unha lingua enferma. Alén disto, dado que se trataría de contribuír a elaborar variedades para usos públicos, non se ve cal

pode ser o sentido de pelexar contra procesos fonolóxicos ou morfolóxicos (*romedio, cucña, camiós...*) que normalmente se dan en comunidades de fala locais, e que, por outra parte, teñen toda a "autenticidade", por tratarse de procesos internos da lingua e non debidos a ningunha influencia allea. Incluso se pode argüír, tendo en conta que o estándar oral non ten a rixidez nin supón o mesmo grao de coerción ca o estándar escrito, que o uso de variacións fonéticas, prosódicas, morfolóxicas e sintácticas non ten por que danar o prestixio da lingua, senón que lle daría máis riqueza e faría que as persoas que falan esas variedades agora "non compartidas" sentisen menos alleo ese modelo de lingua. Isto podería aplicarse á gheada, algunhas contraccións e variacións vocálicas habituais na fala dalgúns zonas, plurais en *-ós*, certas variantes na conxugación verbal, etc. Téñase en conta que estas variantes están todas dentro do que se considera propio do galego e diferencial respecto do español.

A actuación dos lingüistas, desde este punto de vista, debería centrarse na proposta de modelos e de recursos lingüísticos para certos ámbitos de atención particularizada. Mais estas actuacións, para teren posibilidades de éxito, teñen que levarse a cabo de maneira colaborativa cos axentes que, de ser o caso, as van levar a cabo. Cómpre analizar e avaliar con eles as necesidades comunicativas que esa linguaxe ten que cumprir.

Un foco específico de primeira importancia son os medios de comunicación, especialmente os que teñen maior presenza social (radio e televisión). Aquí os modelos da linguaxe da comunicación en castelán están moi presentes, á parte doutras eivas importantes, sobre todo no ámbito da fonética e da fonoloxía. En moitas ocasións, mesmo profesionais galegofalantes e con boa actitude cara ao galego acaban imitando modelos de lingua dos medios españois. Isto é case inevitable se os únicos modelos que coñecen son, á parte dos da propia RTVG, os das cadeas de difusión españolas. Só se pode imitar o que se coñece. Neste ámbito sería de alto interese para moitos profesionais poder acceder a modelos alternativos noutras linguas, e de maneira particular en portugués (a través da recepción de medios portugueses, emisión de produtos audiovisuais en lingua portuguesa, etc.), de maneira que puidesen tomar contacto con modelos de comunicación nunha lingua que comparte co galego algunhas características relevantes, coma o timbre das vogais ou algúns aspectos entoativos. A exposición aos medios portugueses permitiría, coa base lingüística do galego, elaborar modelos que seguirían os criterios invocados antes: identidade, delimitación fronte ao español, aproximación ao portugués. Mais, igualmente, esas actuacións teñen que ser levadas a cabo en colaboración cos profesionais dos medios. Existen actualmente profesionais que, ademais dunha actitude moi positiva, están tratando de conformar modelos cunha base lingüística que coincide cos criterios que vimos enunciando (podería citar, a modo de exemplo, os nomes de Belén Regueira, Alberto Mancebo, Lorena Pose, entre outros varios). Materiais valiosos neste sentido foron elaborados por lingüistas das áreas de deportes e de produción allea, cando menos, da TVG. Lamentablemente, a escaseza de recursos humanos e materiais dos servizos de asesoramento, e sobre todo a falta de interese dos directivos dos medios, fixo que esas accións non tivesen continuidade.

Outro foco de atención pode ser a linguaxe da actividade política, e especialmente a daquelas persoas que mostran unha maior sensibilidade ou compromiso coa lingua. Tamén neste ámbito a dependencia da linguaxe política española é moi notoria. Mais sinalar erros e desviacións ten unha eficacia limitada, e cómpre ir máis alá. Por exemplo, a comunicación lingüística require estratexias diferentes nun mitin e nunha intervención parlamentaria. As intervencións parlamentarias teñen lugar nun ámbito e nunha situación de alta formalidade, e forman parte dun debate altamente formalizado e regulado. Mais, aínda que de maneira inmediata se están a dirixir á cámara, as parlamentarias e parlamentarios son conscientes de que de maneira mediata tamén se están a dirixir ao conxunto da comunidade, e iso fai que moitas veces procuren empregar formas lingüísticas menos formais, populares ou mesmo dialectais, que os acheguen

aos seus electores e ao conxunto da poboación. Non falan só para a minoría da poboación que ten estudos universitarios e que coñece os códigos elaborados da lingua “cultura”, senón para o conxunto da poboación, e moitas veces co foco posto en determinados sectores profesionais ou demográficos. Nun mitin as circunstancias pragmáticas son moi diferentes. Cóstanos que moitas e moitos deles son ben conscientes de que a súa actuación, desde os elementos retóricos ata as formas lingüísticas, son un elemento fundamental para lograr proximidade, credibilidade, etc. E tamén de que utilizar unha lingua moi formal ou “cultura” os separa e os allea de certos segmentos da poboación. Por tanto, a estratexia para obter os resultados buscados non pode reducirse á admonición ou á crítica negativa, senón que se fai necesario establecer canles de comunicación e colaboración con todos aqueles que estean interesados en mellorar a súa competencia lingüística, e por tanto as súas capacidades de comunicación eficaz coa poboación á que se dirixen.

Estes serían dous exemplos de ámbitos de acción diferenciados, que requiren un traballo de planificación específico. Habería que delimitar outros e deseñar en concreto accións, seleccionar materiais, realizar propostas, e sempre en diálogo permanente cos profesionais encargados de poñer en práctica estes recursos, atendendo ás súas demandas e incidindo nas súas actitudes. Un galego “auténtico” nestes ámbitos tería sen dúbida efectos beneficiosos para difundir na sociedade modelos de galego susceptibles de ser imitados polos falantes que se incorporen ao galego, de maneira que contribuiría tamén a resolver de maneira positiva os problemas que encontran moitos “neofalantes”.

Desde esta perspectiva, os lingüistas, na sociedade galega actual, no canto de difundir ideas negativas sobre a lingua, contribuiríamos mellor á normalización social da lingua facendo máis planificación lingüística, incidindo na evolución das novas variedades que se están a conformar. E sempre tendo en mente as palabras de Einar Haugen (1966: 26): “Language planning is therefore still more of an art than a science. Like politics, of which it is a part, it is the art of the possible”.

8. CONCLUSIÓN

En diferentes traballos sobre a lingua galega, preocupados sobre todo pola converxencia co español e polas interferencias desta lingua sobre o galego, utilízanse nocións como “auténticidade” ou “calidade”, entre outras, como conceptos que xustifican unhas actitudes puristas sobre a lingua, sen que se definan nin se fundamenten de maneira explícita. Neste traballo estas nocións son sometidas a discusión e móstranse como conceptos ideolóxicos, non lingüísticos, que teñen graves implicacións en canto que comportan unha discriminación social difícil de manter desde o discurso do galeguismo.

Non obstante, tamén defendo que na situación do galego un purismo proactivo é xustificable e mesmo necesario para preservar a identidade do idioma, sobre todo nas variedades novas de ampla difusión social, como as da actividade política e dos medios de comunicación. Este purismo “revolucionario”, en canto que se concibe como unha actitude que xorde da comunidade lingüística, ou polo menos dunha parte importante dela, debe fundarse sobre bases de lexitimidade amplamente compartidas: a continuidade coas formas patrimoniais e históricas, a diferenciación fronte ao español e o achegamento ao portugués.

Sobre estas bases, a actuación dos lingüistas só terá efectos reais para a normalización lingüística se se orienta á planificación, de maneira principal naqueles ámbitos que teñen unha maior capacidade de penetración na sociedade, coma o dos medios de comunicación e o da actividade política, entre outros. Esas accións deberían de ser levadas a cabo en estreita colaboración cos axentes sociais que van ser os encargados de levar á práctica esas variedades, de

maneira que cubran as súas necesidades comunicativas e, ademais, que a aceptación dos elementos e recursos propostos quede asegurada. Nestes traballos, de carácter fundamentalmente político, os lingüistas, por máis que utilicemos os coñecementos técnicos adquiridos grazas ao estudo da lingua, actuamos como cidadáns, inevitablemente orientados pola nosa ideoloxía e polas nosas crenzas. Por esta razón, convén que os criterios que utilicemos estean definidos tan claramente como sexa posible.

Son consciente da contradición fundamental que percorre este e outros traballos sobre a estandarización e sobre a planificación da lingua, desde a idea, que comparto plenamente con Goretti Sanmartín (2009: 35), de que “un outro mundo –onde o poder non sexa o único nin o máis importante, nin sequera importante— é posible”, e de que o noso traballo coa lingua debe contribuír a camiñar cara a ese obxectivo. Calquera purismo, dunha ou doutra maneira, e mesmo a institución da lingua estándar, leva en si mesmo unha discriminación entre unhas persoas que falan unha lingua conforme aos criterios establecidos (máis pura, máis auténtica, de mellor calidade) e outras que non o fan.

Non obstante, na sociedade en que vivimos existen xa as discriminacións por razón de lingua, dentro do galego (entre quen fala a “lingua lexítima” e quen fala variedades non compartidas) e entre falantes de galego e de español (e tamén entre falantes das diferentes variedades de español en Galicia, non o esquezamos). A vixencia na sociedade da “ideoloxía do estándar” e a presión do español fan, por outro lado, que a existencia dun estándar e dunhas variedades específicas para usos públicos e formais sexa tamén necesaria. Xustificamos as nosas actuacións porque estamos a construír a lingua nacional. Mais sabemos que con esa construción estamos asemade reforzando a discriminación social. A consciencia desta contradición debe levarnos a sermos capaces de elaborar as variedades lingüísticas necesarias para o século XXI evitando no posible que queden discriminadas ou excluídas as capas sociais que mantiveron o galego ao longo dos séculos, así como os falantes máis novos que tratan de incorporarse, cando menos en parte, aos usos orais e escritos en lingua galega.

REFERENCIAS

- Álvarez Blanco, Rosario (1994): “Gramática descriptiva e gramática prescritiva”, *Cadernos de Lingua* 10, 19-35.
- Álvarez Blanco, Rosario (2005): “A definición dun estándar sintáctico: problemas, cautelas, límites”, in R. Álvarez & H. Monteagudo (eds): *Norma lingüística e variación: unha perspectiva desde o idioma galego*. Santiago de Compostela: Consello da Cultura Galega, 359-376.
- Bauman, Richard & Charles L. Briggs (2003): *Voices of modernity: language ideologies and the politics of inequality*. Cambridge: Cambridge University Press.
- Bourdieu, Pierre (1982): *Ce que parler veu dire: l'économie des échanges linguistiques*. Paris: Fayard.
- Cidrás Escáneo, Francisco A. (2005): “Realidade lingüística e representación gramatical: a propósito do tratamento do ‘acusativo preposicional’ na historia da gramática galega”, in A. I. Boullón Agrelo, X. L. Couceiro Pérez & F. Fernández Rei (eds.): *As tebras alumeadas. Estudos filolóxicos ofrecidos en homenaxe a Ramón Lorenzo*. Santiago de Compostela: Universidade, 307-322.
- Coupland, Nikolas (2003): “Sociolinguistic authenticities”, *Journal of Sociolinguistics* 7, 3, 417-430.
- Coupland, Nikolas (2010): “The authentic speaker and the speech community”, in C. Llamas & D. Watt (eds.): *Language and identities*. Edinburgh: Edinburgh University Press, 99-112.
- Deutscher, Guy (2006): *The unfolding of language: the evolution of mankind's greatest invention*. London: Penguin.
- Domínguez Seco, Luzia (2004): “Social prestige and linguistic identity. On the ideological conditions behind the standardisation of Galician”, *Estudios de Sociolingüística* 3, 2, 2002 / 4, 1, 2003, 207-228.
- Dubert García, Francisco (2004): “Variedades xeolingüísticas e cultivo da lingua: crítica dunha hipótese sobre as orixes da fragmentación diatópica do galego”, in R. Álvarez & A. Santamarina (eds.): *(Dis)cursos da escrita. Estudos de filoloxía galega ofrecidos en memoria de Fernando R. Tato Plaza*. A Coruña: Fundación Pedro Barrié de la Maza, 123-140.

- Eckert, Penelope (2003): "Elephants in the room", *Journal of Sociolinguistics* 7, 3, 392-397.
- Eira, Christina & Tonya N. Stebbins (2008): "Authenticities and lineages: revisiting concepts of continuity and change in language", *International Journal of the Sociology of Language* 189, 1-30.
- Eloy, Jean-Michel (ed.) (1995): *La qualité de la langue? Le cas du français*. Paris: Honoré Champion.
- Encrevé, Pierre (1995): "La 'qualité de la langue': une question de politique linguistique?", in Eloy (ed.), 367-378.
- Fairclough, Norman (2001²): *Language and power*. Harlow: Longman.
- Fernández Salgado, Benigno (2003): "Pureza e contaminación na estandarización da lingua", in M. Álvarez de la Granja & E. X. González Seoane (eds.): *A estandarización do léxico*. Santiago de Compostela: Consello da Cultura Galega, 93-127.
- Freixeiro Mato, Xosé Ramón (2009): *Lingua de calidade*. Vigo: Xerais.
- González González, Manuel (dir.) (2003): *O galego segundo a mocidade*. A Coruña: Real Academia Galega.
- Habermas, Jürgen (1962): *Strukturwandel der Öffentlichkeit. Untersuchungen zu einer Kategorie der bürgerlichen Gesellschaft*. Darmstadt / Neuwied: Luchterhand, 1983¹⁴.
- Haugen, Einar (1966): *Language conflict and language planning: the case of Modern Norwegian*. Cambridge, Ma.: Harvard University Press.
- Iglesias Álvarez, Ana (2002): *Falar galego: "no veo por qué". Aproximación cualitativa á situación sociolingüística de Galicia*. Vigo: Xerais.
- Kabatek, Johannes (2000): *Os falantes como lingüistas. Tradición, innovación e interferencias no galego actual*. Vigo: Xerais.
- Kabatek, Johannes (2011): "Algunos apuntes acerca de la cuestión de la 'hibridez' y de la 'dignidad' de las lenguas iberorrománicas", in Y. Congosto Martín & E. Méndez García de Paredes (eds.): *Variación lingüística y contacto de lenguas en el mundo hispánico. In memoriam Manuel Alvar*. Madrid: Iberoamericana / Frankfurt am Main: Vervuert, 271-290.
- Kamen, Henry (2006): *Del Imperio a la decadencia. Los mitos que forjaron la España moderna*. Madrid: Temas de Hoy.
- Kristiansen, Tore (1998): "The role of standard ideology in the disappearance of the traditional Danish dialects", *Folia Linguistica* 32, 1-2, 115-129
- Maurais, Jacques (1999): *La qualité de la langue: un projet de société*. [Québec]: Conseil de la Langue Française. [Disponible en <http://www.cslf.gouv.qc.ca/publications/pubbl147/b147.pdf>, marzo 2012].
- Milroy, James & Lesley Milroy (1999³): *Authority in language. Investigating standard English*. London: Routledge.
- Molinos Castro, Rita (2002): "As vogais átonas finais en galego: estudio acústico", *Cadernos de Lingua* 24, 55-91.
- Monteagudo, Henrique (2012): *Facer país co idioma. Sentido da normalización lingüística*. A Coruña: Real Academia Galega.
- Moreno Cabrera, Juan Carlos (2000): *La dignidad e igualdade de las lenguas: crítica de la discriminación lingüística*. Madrid: Alianza.
- Moure, Teresa (2011): *Ecolingüística: entre a ciencia e a ética*. A Coruña: Universidade.
- Mugglestone, Lynda (2003): *Talking proper: the rise of accent as social symbol*. 2nd ed. Oxford / New York: Oxford University Press.
- Ong, Walter (2002): *Orality and literacy*. London / New York: Routledge.
- Real Academia Galega & Instituto da Lingua Galega (2012): *Normas ortográficas e morfolóxicas do idioma galego*. 23^a ed. [Santiago de Compostela]: ILG / [A Coruña]: RAG.
- Regueira, Xosé Luís (1994): "Modelos fonéticos e autenticidade lingüística". *Cadernos de Lingua* 10, 37-60.
- Regueira, Xosé Luís (2003): "Lingua falada e estándar escrito: o galego desde o Rexurdimento á modificación ortográfica do 2003". Ana M. Vázquez Facchini (ed.): *Galicia dende Salamanca 4: Xornadas de Lingüística Galego-Portuguesa*. Salamanca: Xunta de Galicia / Univ. de Salamanca, 186-220.
- Regueira, Xosé Luís (2008): "As vocais finais en galego e portugués", in H. González Fernández & M. X. Lama López (eds.): *Actas VII Congreso Internacional de Estudos Galegos: Mulleres en Galicia - Galicia e os outros pobos da Península*. Sada: O Castro, 2007 [2008], 859-875 (CD-ROM).
- Sanmartín Rei, Goretti (2009): *Nos camiños do entusiasmo. Calidade da lingua e planificación*. Vigo: Xerais.
- Scharloth, Joachim (2005): "The revolutionary argumentative pattern in puristic discourse: the Swabian dialect in the debate about the standardization of German in the eighteenth century", in N. Langer & W. V. Davies (eds.): *Linguistic purism in teh Germanic languages*. Berlin / New York: Walter de Gruyter, 86-96.
- Thomas, George (1991): *Linguistic purism*. London: Longman.

- Valladares, Marcial (1884): *Diccionario gallego-castellano*. Santiago de Compostela: Imp. del Seminario Conciliar Central [in Antón Santamarina (ed.) (2003): *Diccionario de diccionarios*. Versión 3. A Coruña: Fundación Barrié de la Maza].
- Vidal Figueroa, Tiago (1997): "Estruturas fonéticas de tres dialectos de Vigo", *Verba* 24, 313-332.
- Zimmermann, Klaus (2003): "Fremdeinflüsse, Sprachpurismus und Sprachplanung in amerindischen Sprachen (am Beispiel des Otomí und des Guaraní)", in J. Brincat, W. Boeder & T. Stolz (eds.): *Purism in minor languages, endangered languages, regional languages, mixed languages*. Bochum: Universitätsverlag Dr. N. Brockmeyer, 315-347.